

Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 8 ao 12 de xuño. (Últimas)

Ola estimados alumnoas:

Todo ten un principio e todo ten un final. É así, non? Pois sí, xa estas van ser as últimas tarefas da miña asignatura, neste estrano fin de curso que nos tocou afrontar este ano. Decirvos que, en liñas xerais, estou tremendamente contento co voso traballo. Facer as tarefas dende casa sen ter a figura presente do profesor para que vos axude, váiavos guiando, etc., non ten que ser nada doado. E a gran maioría de vós fóchedes capaces de facerlle frente a ese traballo con moita desenvoltura. Incluso dando materia nova! Así que so podo felicitarvos dun xeito importante e sincero. Espero que aprendérades algo desta asignatura tan fermosa e útil para entender o presente das nosas sociedades, culturas, países e civilizacións. E ogallá, o próximo curso a encaredes dunha maneira máis animosa. Dende logo, aínda que fose deste xeito tan “cutre”, ese foi o meu maior desexo cando cheguei ao voso centro: que sentirades certo aprecio polo estudo da Historia. E se o conseguín, xa me dou por ben pagado. Así que imos rematar o curso poñéndolle un bonito broche final.

Pois ben, **os alumnos históricos** esta semana terán que estudar os aspectos culturais e artísticos do século XVII ou Século do Barroco. Actuaremos do seguinte xeito:

- En primeiro lugar, faremos as Claves para estudar da páxina 327, para entender que foi iso da *Revolución científica*.
- A continuación, quero que me fagades un breve resumo (10-12 liñas) do apartado da páxina 328: *Que é o Barroco?*
- Agora ímonos as páxinas 330 e 331 para analizar *Roma, capital do Barroco*, onde respostaremos soamente aos catros puntos da sección Interpreta a imaxe. (Para completar a información sobre Bernini, gran artista barroco, podedes acudir á páxina 333, e para a cuestión da relación Barroco con Contrarreforma ide ás páxinas 276 e 277)
- Chegamos a España. Na páxinas 336 e 337 respostaremos ás cuestións: *Que foi o Século de Ouro? Por que cres que se lle deu este nome?, e, por último, citaremos algúns dos artistas españois barrocos máis importantes e en que faceta destacaron.*
- E agora, chegamos a Galicia, a nosa rexión. Aquí faremos as actividades das Claves para estudar da páxina 338, onde estudaremos os acontecementos máis importantes que tiveron lugar en Galicia durante toda a Idade Moderna, tanto no século XVI como no XVII.
- E para finalizar o tema, coma sempre, copiaremos na páxina 341 o cadro sepia: *O legado da época do Barroco.*

Con respecto aos **alumnos xeográficos**, esta vez irémonos ao tema 5 *Os servizos*, onde estudaremos o tan importante sector turístico en España e Galicia, pois as vacacións xa están aí. Yujuuuu!

- Da páxina 160 teredes que facerme un breve resumo de entre 20-25 liñas. Lede tamén na páxina 161 o que aparece na fotografía 39 para que saibades que é iso dos Paradores Nacionais. Por se os vosos pais, parellas ou amizades, teñen pensado facervos un regalo de fin de curso. Nunca se sabe!
- Da páxina 163, respostaremos ás cuestións de Claves para estudar que teñan que ver co turismo en Galicia. Quero que me dedes ideas para ir descansar este verán de todos vós e o moito que vos tiven que aturar. Jajaja!

E xa está, amigoas. Non vos esquezades de enviarme as vosas tarefas. Vouvos dar de prazo ata o luns día 15 (número redondo). Un último esforzo, veña. O verán xa está chamando ás nosas portas, e vai ser marabilloso, veredes que sí. Foi todo un pracer tervos como alumnoas, aínda que fora virtuais. Deséxovos o millor para o próximo curso e para a vosa vida en xeral. Se algunha vez tedes algunha dúbida onde eu vos poida server de axuda xa sabedes o meu correo

steinbeck72@gmail.com, e non dubidedes en empregalo. Farei como que non o lin (é broma).

Como di o lema dos marines americanos: Semper fidelis.

Unha forte aperta, saúde e moito ánimo, campeóns!!!